

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 30 de xuño de 2010

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 30/06/2010.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 30/06/2010.
- III. Estrutura dos graos.

Ábrese a sesión ás 11 horas e 8 minutos na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores: ordinaria celebrada o 30 de abril de 2010 e extraordinarias celebradas os días 26 de maio de 2010, 4 de xuño de 2010 e 17 de xuño de 2010.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as actas das sesións celebradas os días 30 de abril de 2010, 26 de maio de 2010, 4 de xuño de 2010 e 17 de xuño de 2010.

2. Informe do Director.

O informe do director nesta ocasión redúcese a un único punto que é a aprobación definitiva por parte da ANECA dos dous graos a implantar no curso 2010/11, e que son:

GRAO EN ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS
GRAO EN ENXEÑARÍA DA ENERXIA

Partindo fai dous anos dun único título e coa lexislación vixente, no seu momento só se podía optar a solicitar un único grao por transformación do título existente e aínda así dita transformación estaba en entredicho polo escaso número de alumnos de novo ingreso nos últimos anos. Máis aínda, os límites iniciais dos créditos ofertables por grao de 240 ECTS levaban a non poder ofertar máis que dúas das tres intensificacións existentes ata o de agora. Tras superar diversos atrancos e despois de numerosas

negociacións conseguiuase finalmente unha oferta educativa que, lonxe das nulas perspectivas iniciais de crecemento, permite a consolidación e un esperable crecemento para o Centro dentro da Universidade de Vigo e do Sistema Universitario Galego. Por outra banda no caso do GRAO EN ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS, foi posible presentar unha oferta de 240+48 ECTS o que permitiu manter a oferta educativa actual. Este feito nos permite afirmar que somos o único Centro da Universidade de Vigo que conseguiu realizar unha oferta académica de grao con estas características tendo en conta a situación de partida da Escola no momento de iniciarse o proceso de adaptación dos títulos. No ANEXO III preséntase unha estrutura básica dos dous graos onde, entre outras cousas, é destacable que os dous primeiros cursos son comúns.

O director agradece a súa participación aos membros das comisións que elaboraron os dous graos aprobados. En particular expresa o seu agradecemento a:

COMISIÓN DO GRAO EN ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS

Elena Alonso Prieto
Carmen Pérez Pérez
Camilo Carrillo González
Lino José Álvarez Vázquez
Iván Veleiro Pinal
Manuel A. González Fernández
María del Carmen Romo Pérez
Natalia Caparrini Marín
Benito Vázquez Dorrió
José Enrique Martín Suárez

COMISIÓN DO GRAO EN ENXEÑARÍA DA ENERXÍA (representantes da ETSE de Minas)

Pedro Arias Sánchez
Natalia Caparrini Marín
Enrique Granada
Camilo Carrillo González
Javier Taboada Castro
Anxo Sánchez Bermúdez
Iván Veleiro Pinal

3. Aprobación, se procede, da guía de titulación do grao de “Enxeñaría da Enerxía” para o curso académico 2010-2011.

A guía de titulación do grao de “Enxeñaría da Enerxía” atopase publicada no enderezo:
https://seix.uvigo.es/docnet_2.2/guia_docent/index.php?centre=309&apartat=8&any_academic=2010_11

A Xunta de Escola da E.T.S.E. de Minas aproba por asentimento esta guía de titulación.

4. Aprobación, se procede, da guía de titulación do grao de “Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos” para o curso académico 2010-2011.

A guía de titulación do grao de “Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos” atopase publicada no enderezo:

https://seix.uvigo.es/docnet_2.2/guia_docent/index.php?centre=309&apartat=8&any_academic=2010_11

A Xunta de Escola da E.T.S.E. de Minas aproba por asentimento esta guía de titulación.

5. Aprobación, se procede, da guía de titulación do “Mestrado en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel” para o curso académico 2010-2011.

A guía de titulación do “Mestrado en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel” atopase publicada no enderezo:

https://seix.uvigo.es/docnet_2.2/guia_docent/index.php?centre=309&apartat=8&any_academic=2010_11

A Xunta de Escola da E.T.S.E. de Minas aproba por asentimento esta guía de titulación.

6. Aprobación, se procede, da guía de titulación do “Mestrado en Tecnoloxía Medioambiental” para o curso académico 2010-2011.

A guía de titulación do “Mestrado en Tecnoloxía Medioambiental” atopase publicada no enderezo:

https://seix.uvigo.es/docnet_2.2/guia_docent/index.php?centre=309&apartat=8&any_academic=2010_11

A Xunta de Escola da E.T.S.E. de Minas aproba por asentimento esta guía de titulación.

7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

Ao non terse presentada ningunha documentación pásase ao seguinte punto na orde do día.

8. Rolda aberta de intervencións.

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11 horas e 25 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, trinta de xuño de dous mil dez.

Vº e Prace
O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

Enrique Granada Álvarez

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 30/06/2010

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 30/06/2010

Asistentes Xunta de Escola ordinaria 30/06/2010

| PROFESORES | |
|-------------------|---------------------------------------|
| 1. | Presidente: Pedro Arias Sánchez |
| 2. | Secretaria: Enrique Granada Álvarez |
| 3. | Alonso Prieto, Elena |
| 4. | Araújo Fernández, María |
| 5. | Argüelles Díaz, Alejandro |
| 6. | Cabeza Simó, Marta |
| 7. | Caparrini Marín, Natalia |
| 8. | Carrillo González, Camilo José |
| 9. | Cerdeira Pérez, Fernando |
| 10. | Correa Otero, Antonio |
| 11. | Correa Otero, José María |
| 12. | Cristóbal Ortega, Julia |
| 13. | Durany Castrillo, José |
| 14. | García Bastante, Fernando |
| 15. | González Rodríguez, Elena |
| 16. | Mandado Vázquez, Alfonso Modesto |
| 17. | Pena Uris, Gloria |
| 18. | Pérez Pérez, Carmen |
| 19. | Rivas Brea, Teresa |
| 20. | Taboada Castro, Javier |
| 21. | Vázquez Dorrió, José Benito |
| ALUMNOS | |
| 1. | Blanco Bello, Miguel |
| 2. | Casal Etchevarría, Alexandre |
| 3. | Faro Malvar, Diego |
| 4. | Fernández Rodríguez, David |
| 5. | Gómez Pereira, Laura |
| 6. | Gómez Pérez, Gema |
| 7. | González Fernández, Manuel Alejandro |
| 8. | Oliveira Aboy, Diego Antonio |
| 9. | Puga Alonso, Javier |
| 10. | Rodríguez Domínguez, Álvaro |
| 11. | Silveira Loureiro, Javier |
| 12. | Sobrino Vázquez, Pablo |
| PAS | |
| 1. | Romo Pérez, M ^a del Carmen |

| | |
|--|-----------|
| Total membros Xunta de Escola : | 54 |
| Asistentes | 34 |

Escusan a súa asistencia: Díez Ferrer, José Bienvenido; Orche García, Enrique.

ANEXO III

Estrutura dos graos

| ESTRUCTURA PLAN ESTUDIOS: GRAO EN ENXEÑERÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS | | | | |
|--|---|--|--|------------|
| | Módulos | | | |
| 1º Curso | Formación Básica | | | 60 |
| 2º Curso | Común Enxeñería Técnica de Minas | | | 72 |
| 3º Curso | Tecnoloxía Específica "Explotación de Minas" | Tecnoloxía Específica "Mineralurxia e Metalurxia" | Tecnoloxía Específica "Recursos Enerxéticos, Combustibles e Explosivos" | 48 |
| 4º Curso | Obligatorias Propias da Universidade | | | 36 |
| | Optativas Xerais | | | 12 |
| | Traballo Fin de Grao | | | 12 |
| ECTS | 240 | | | 240 |

| ESTRUCTURA PLAN ESTUDOS: GRAO EN ENXEÑERÍA DA ENERXÍA | | |
|--|--|------------|
| | Módulos | |
| 1º Curso | Formación Básica | 60 |
| 2º Curso | Común Enxeñería Técnica de Minas | 66 |
| 3º Curso | Materias Propias Enerxía | 60 |
| 4º Curso | Intensificación Tecnoloxías Enerxéticas | 30 |
| | Intensificación Eficiencia Enerxética | |
| | Optativas Xerais | 12 |
| | Traballo Fin de Grao | 12 |
| ECTS | 240 | 240 |